

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 20 AO 24 DE ABRIL

Bos días a todos e todas!

Que tal estades levando o confinamento? Esta semana parece que melloran as noticias e os máis pequeniños en breve poderán saír a rúa. Esperemos que o resto pronto os sigamos!

Continuamos con actividades de reforzo e repaso á espera de instrucións. As actividades son para todo o alumnado, debes ir facendo os exercicios pouco a pouco e sen agobios, creando rutinas de traballo que vos axudarán a pasar mellor estes días tan longos na casa.

Mantede o ánimo alto, xa queda menos!

- Enlaces aos dicionarios en rede:
DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA <https://academia.gal/diccionario>
DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA <https://digalego.xunta.gal/>
- Seguíde repasando a conxugación verbal a través dos xogos da web **O XIMNASIO DOS VERBOS** <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/>, seguindo a ruta: menú, xogos, alternancia vocálica ou verbos irregulares.

REPASO TEÓRICO LINGUA GALEGAOS PRÉSTAMOS LINGÜÍSTICOS

O **préstamo lingüístico** é o paso dun elemento léxico dunha lingua a outra, xeralmente para designar un concepto ou un obxecto antes descoñecido para os falantes da lingua receptora. Polo tanto, o préstamo é un proceso de ampliación do léxico que se deu en todas as etapas da Historia. En cada momento histórico é a lingua que ten máis poder económico, político e cultural a que exporta máis termos a outras linguas; na actualidade é o inglés.

Son **préstamos necesarios** os que enchen un baleiro da lingua receptora. Aparecen coas novas realidades chegadas doutro lugar ou doutra cultura. Ex; a palabra *chocolate* provén do azteca, e o concepto e o termo foron introducidos de maneira paralela. Mentres, son **préstamos innecesarios** os que non responden a necesidades lingüísticas, pois designan un concepto ou obxecto para o que xa existe un termo na lingua receptora, é dicir, pretenden suplantar outra palabra patrimonial preexistente. Ex; *hit* do inglés por éxito.

Os préstamos pódense clasificar pola súa adaptación na súa forma á lingua receptora:

OS ESTRANXEIRISMOS. Mantense a forma estranxeira, tanto na escrita como na fonética. Aparece, sobre todo, cos préstamos máis recentes. A maioría destes son préstamos innecesarios.

look > imaxe
outlet > local de venda a prezos rebaxados
e-mail > correo electrónico
play back > son pregravado
display > pantalla de visualización
master > mestrado
hit > éxito

fast food > comida rápida
off the record > confidencialmente
fair play > xogo limpo
prime time > horario de máxima audiencia
feedback > retroalimentación
jeep > todoterreo
pack > paquete, lote

sponsor > patrocinador
link > enlace, vínculo, ligazón

feeling > sintonía, entendemento
hacker > pirata informático

PRÉSTAMOS CON ADAPTACIÓN FONÉTICA E GRÁFICA AO GALEGO. Son termos xa integrados na lingua, que non se senten como estranxeirismos.

En galego, os principais son dos seguintes tipos:

- galicismo, do francés: *garaxe, peaxe, corsé, blusa, bidé, sofá, bombón, ballet, canapé, debut...*
- lusismo, do portugués: *orzamento, reflectir, relatorio, ananás...*
- castelanismo, do castelán; aínda que pola presión que exerce esta lingua sobre a nosa hai moitos préstamos innecesarios, outros si son necesarios: *bocadillo, tortilla, pastilla, guerrilla, zarzuela...*
- anglicismo, do inglés: *túnel, fútbol, líder, revólver, bar, panfleto, recital...*
- italianismo, do italiano: *serenata, concerto, soneto, novela, piano, violín, piano, fachada, friso...*
- catalanismos, do catalán: *nao, vogar, remolcar, turrón, faena...*
- do vasco: *abur, zamarra, gabarra, esquerda, boina, chatarra, chabola...*
- das linguas amerindias; como consecuencia do descubrimento de América e a posterior emigración temos: *canoa, furacán, piragua, hamaca, caníbal, cacao, cacahuete, tomate, chocolate, poncho, cóndor, alpaca, puma, pataca...*

CALCOS. É un tipo especial de préstamo que implica copiar a creación de palabras dunha lingua ou copiar as acepcións dun determinado termo. Algúns exemplos:

- Do francés: Banda deseñada <*bande dessinée*. Obra mestra <*chef d'oeuvre*. Terceiro Mundo <*Tiers Monde*. Xefe de cociña <*chef de cuisine*.
- Do inglés: Aire (a)condicionado <*conditioned air*. Campo a través <*cross-country*. Guerra Fría <*Cold War*. Estado de benestar <*welfare state*. Lúa de mel <*honey-moon*

REPASO: COLOCACIÓN DO PRONOME ÁTONO

A regra xeral é situalo **despois do verbo e unido á forma verbal e nunca pode encabezar un enunciado** (INCORRECTO: **Nos dixox que viñas*). Non obstante, hai casos como os seguintes en que se antepón ao verbo:

- Nas oracións subordinadas: *Dixox que o intentara.* / *Non irá se llo prohiben.*
- Nos enunciados con marcas de negación: *Nunca nolo dixox.* / *O porteiro nin a viu.* / *Non te pases.* / *Ninguén llo encargou.* / *Nada lles pedín.*
- Nas interrogativas directas, cando comezan con pronome interrogativo: *Quen a veu ver?* / *Cando vos coñecestes?*
- Nos enunciados exclamativos, se hai un pronome exclamativo ou outra partícula antes: *Como me quere!* / *Canto lle rogou!*
- Nos enunciados desiderativos, sempre que haxa algún elemento non verbal antes do pronome: *O mar te asolague.* / *Oxalá nos volvamos ver.*
- En moitas oracións iniciadas por adverbios como: *bastante, demasiado, moito, pouco, máis, menos, aínda, mesmo, incluso, ata, só, soamente, unicamente, nunca, xamais, endexamais, sempre, igual* ('se cadra'), *velaí, velaquí, decontado, axiña, pronto, logo* ('axiña'), *rapidamente, disque, seica, quizais, posiblemente, seguramente, case, onde, sequera, tamén, tanto, xa...* (*Axiña llo contamos.* / *A roupa sempre a compro en centros comerciais.* / *Xa o trouxeron?* / *Aí o tes.*)
- **Non obstante**, hai outros que **non provocan a anteposición**: *antes, despois, ademais, amodo, antano, hogano, antes, hoxe, mañá, pasadomañá, daquela, entón, outrora, dentro, fóra, se cadra, ao*

mellor..., así como varios rematados en *-mente* que modifican a oración enteira (*afortunadamente, finalmente, paralelamente...*). (*Antes díxome que si./ Hoxe dixéronlle que si./ Afortunadamente dixéronlle que si.*)

- Por regra xeral, indefinidos ou cuantificadores como *todo, pouco, tanto... que, alguén, algo calquera, propio, ambos, canto...* provocan a anteposición do pronome. (*Todo o mundo te viu./ Algo vos deixán./ Calquera che pode dar esa información.*)
- As oracións coordinadas seguen as regras xerais. Non obstante, os nexos coa partícula *que* (*senón que, aínda que, só que, etc.*), e os distributivos *xa... xa, ben... ben, quer... quer, ora... ora*, provocan a anteposición ao verbo (*Non o pediu, senón que o roubou*).
- **Nas perífrases verbais** é posible colocar o pronome en varias posicións:
 - INFINITIVO: *O que vai mariscar ten que se mollar.*
O que vai mariscar ten que mollar se .
O que vai mariscar ten se que mollar.
 - XERUNDIO: Despois do verbo auxiliar ou do auxiliado
Lévo o facendo centos de veces.
Levo facéndo o centos de veces.
 - PARTICPIO: Só despois do verbo auxiliar (o conxugado)
Téño os visto na praza.

ACTIVIDADES

(Para facer estes exercicios botade man dos dicionario DIGALEGO, no que aparecen os étimos das palabras.)

1. **Identifica os estranxeirismos e substitúeos por palabras ou expresións galegas sempre que sexa posible.**
 - Dedicalle moito tempo ao seu hobby, o footing.
 - Participou nunha carreira como ciclista amateur.
 - Nesa boutique quedaron moitas pezas de vestir en stock.
 - Necesitaba un sponsor para poder correr o rally.
 - Merquei un ticket para o concerto.
2. **Identifica os préstamos presentes nestas oracións.**
 - O míster do equipo de fútbol dixo que non era un hándicap xogar fóra da casa.
 - Merquei un cómic e regaláronme un póster.
 - O domingo fun a un pícnic e comín un sándwich e algo de rosbif.
 - Vaime levar un tempo amañar o módem, así que non chegarei á partida de póker.
 - O esquiador galego gañou a proba de sláalom na categoría júnior.
 - Os xoguetes favoritos da nena son o ioió e o coala de peluche.
3. **Identifica os préstamos que aparecen nas seguintes oracións e, coa axuda dun dicionario, indica de que lingua proceden.**
 - É un virtuoso, toca o violín e o violonchelo.
 - Prefiro o cacao ao té.

- No documental falábase de diversos animais, entre eles iguanas, chimpancés e canguros.
- Colocou un póster encima do sofá.

4. Substitúe estes estranxeirismos por palabras galegas.

share
dossier
record

thriller
round
mail

volley
basquet
sketch

5. Pon, nos espazos marcados en que acaian, os pronomes que aparecen entre parénteses. Pode haber máis dunha posibilidade correcta nalgúns casos; fai os cambios necesarios nas formas verbais para a opción que elixas.

- Non ___ souben ___ pedir ___ correctamente (llo).
- ___ queres ___ botar ___ auga aos convidados (lles), ou esperas que ___ bote ___ eu (llela)?
- Nada ___ parece ___ ben (lle) e todo ___ toma ___ a mal (o).
- Demasiado ___ deron ___ (lle) os pais ao fillo para o ben que este ___ portou ___ con eles (se).
- E, daquela, ¿ ___ comentaron ___ (che) que ___ viran ___ (o) na festa cos da súa clase?
- ___ terás ___ que ___ levar ___ (o) ao taller, se ___ está ___ a fallar seguido (che).
- Cantas veces ___ vin ___ (me) eu en situacións peores, e mais non ___ queixei ___ (me)!
- Hoxe ___ erguín ___ ben pola mañá (me), pero despois ___ comezou ___ a entrar o frío (me).
- Se ___ chega ___ a dicir ___ antes (llo), igual ___ facía ___ (o).
- Nunca na vida ___ vin ___ (me) en lance semellante ao que ___ pasou ___ (me).

6. Corrix os erros que atopas nos seguintes enunciados.

- A el falar lle gusta falar moito de que hai que ser valentes e solidarios, pero me dá a min que á hora da verdade nos vai deixar plantados en canto véñannos as primeiras dificultades.
- Atopámonos moi tristes, pois nos vimos dun día para outro sen todos os cartos que lle prestamos e que en principio nos ía devolver.
- Túa nai se parece moito a unha señora que vendíanos o pan cando viviamos en Suíza.
- Toda a xente se ten que botar á rúa para protestar polo trato que estannos a dar moitos destes banqueiros e magnates.
- Se llos reclamarades antes, agora quizais os tiverades.
- Se llos reclamarades antes, agora os teriades.
- Mentres o tomemos con humor e con alegría, nos irá ben.

COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

Nesta ocasión tedes que ler con atención a **AXENDA PARA ADOLESCENTES CONFINADOS** que elaboraron no **COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**.

Por se non a visualizades con nitidez deixovos tamén o enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axenda_para_adolescentes_confinados.pdf

1. Como actividade propoñovos que elaboredes unha redacción sobre como estades vivindo o confinamento.
 - Podedes reflexionar sobre que recomendacións da guía cumprides e cales non, cales vos parecen máis interesantes, ou se botades en falta algún punto que para vos é importante.
 - Podedes facelo en forma de diario, en forma de poesía, coma se fose unha reportaxe xornalística, ou acompañar o texto dun debuxo alegórico ou de fotografías... podedes facelo da maneira que se vos ocorra!! Deixade voar a vosa creatividade!

AXENDA PARA ADOLESCENTES CONFINAD@S

AUTOCOIDADO FÍSICO

- 1 Dormir suficiente e alimentarse ben para ter boa saúde.
- 2 Tomar unha ducha diaria para afrontar o día.
- 3 Facer exercicio físico para manterse en forma.
- 4 Elixir a indumentaria que vas poñerte diariamente.

AUTOCOIDADO PSICOLÓXICO

- 1 O bo humor aumenta as túas defensas.
- 2 Descansar, relaxarse... o aburrimiento está permitido.
- 3 Aceptar as emocións que xera esta nova situación.
- 4 Controlar os teus impulsos fará que saias fortalecido psicolóxicamente.

REDES SOCIAIS

- 1 Crear un blog sobre un tema que che interese.
- 2 Limitar o tempo de conexión, non te perdas nas redes.
- 3 Compartir só información veraz e útil.
- 4 Protexer a túa imaxe e a túa intimidade.
- 5 A sobreexposición pode producir fatiga e desconexión coa realidade.

PLANIFICACION DO TEMPO

- 1 As rutinas son importantes, fannos sentir seguros e percibir o tempo real.
- 2 Elaborar un horario axuda a ter unha mellor xestión do tempo.
- 3 Distribuír o teu tempo en: axudar nas tarefas de casa, estudar e descansar.
- 4 Escribir un diario persoal coas túas vivencias e estados de ánimo.
- 5 Hai tempo para descubrir novas habilidades.

EMPATÍA E SOLIDARIEDADE

- 1 Respetar o confinamento e as medidas sanitarias.
- 2 A túa familia necesita a túa axuda: participar nas tarefas da casa, propoñer actividades para facer xuntos...
- 3 Chamar a familiares: avós, tíos, curmáns...
- 4 Contactar c@s compañeir@s de clase que poidan sentirse máis sós.
- 5 Valorar as profesións que están demostrando a súa solidariedade coa sociedade ante o COVID-19. Saír aplaudir fainos sentir parte dun colectivo.

24

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia © 2020 – Sección de Psicoloxía Educativa